

## **ACTA COMISIÓN DE CALIDADE**

**Sesión do 29 de xuño de 2016**

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o mércores 29 de xuño de 2016, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (25 de maio de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Explicación e debate sobre a planificación docente para o curso 2016/17**
- 4. Aprobación, se procede, dos informes de coordinación**
- 5. Planificación e debate sobre as xornadas de acollida ao alumnado para o vindeiro curso académico**
- 6. Análise e debate sobre os resultados das enquisas da avaliación da satisfacción do PAS coas titulacións da Universidade de Vigo**
- 7. Debate e aprobación, se procede, da proposta do Plan anual de satisfacción das usuarias e usuarios**
- 8. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (25 de maio de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de Xoel Díaz (obrigas académicas) e María López (revisión médica).
- Tal e como se comentou na pasada comisión, a avaliación do Informe de seguimento interno da calidade do centro veu co resultado de conforme excelente, tanto na titulación de grao coma na de mestrado. Tal e como se comentou na xuntanza anterior, a Coordinación de Calidade analizou o contido detidamente e consideramos que as observacións son acertadas polo que non

se considerou preciso realizar alegacións e polo tanto convocar con anterioridade esta Comisión.

### **3. Explicación e debate sobre a planificación docente para o curso 2016/17**

A decana explica que vaise facer referencia á planificación dos horarios e exames, e posteriormente ás guías docentes. Cédelle a palabra á vicedecana Beatriz Comendador que foi a coordinadora desta planificación.

Beatriz explica detalladamente o procedemento que o centro ven seguindo neste apartado: primeiro no POD compróbase a docencia asignada a cada profesor, cunha atención especial aos docentes asociados que teñen outras actividades fóra da universidade e incluso veñen de fóra de Ourense e a aqueles que, xunto ao noso, imparten docencia noutros centros. Estes segundo o regulamento do centro teñen prioridade coa finalidade de que o horario sexa compatible. En segundo lugar se solicita o horario asignado nos outros centros. En terceiro lugar se confecciona unha proposta xenérica. O profesorado revisa esta proposta e expón as súas opinións. Tamén se solicita aos docentes a previsión das actividades que van realizar ao longo do curso para incorporalas ao horario e tamén as súas saídas de estudos ou prácticas de campo.

A vicedecana comenta que se convocou a unha reunión aos docentes por curso e cuadrimestre, coa finalidade tanto de organizar o horario o máis homoxéneo posible, sen solapamentos, como coordinar as saídas de estudos e/ou outras actividades e organizar a ocupación das aulas e en concreto da aula de informática.

Coa axuda do bolseiro de calidade, Arturo Real, o proceso se fixo doado, tamén porque se poñen horarios fixos ao longo do cuadrimestre e non por semanas coma en cursos académicos anteriores. O mesmo procedemento é o que se segue para fixar a data de exames.

O resultado desta planificación lévase á xunta de facultade para a súa aprobación. As modificacións puntuais, se acordan cos respectivos cursos e se comunican á secretaría do decanato. Se houberse modificacións de fondo, antes de levarse a cabo, deben ser aprobadas no mesmo organismo.

Beatriz comenta que no mestrado o procedemento é diferente, xa que a coordinación indica aos docentes o período en que poden impartir a súa materia, a partir de aí eles propoñen o horario e logo se compatibiliza, despois se envía un cronograma con 4 semanas de docencia por materia. Inténtase conciliar coa vida laboral do alumnado polo que se procura que as actividades sexan despois das 6 da tarde. Como non hai exames como tal, se establecen uns prazos máximos de entrega de traballos e/ou actividades de avaliación.

O máis difícil de encaixar son as entregas dos TFG e TFM. Como o depósito ten que ser 15 días antes da defensa, e a defensa só se pode facer se todas as materias foron superadas, este ano o prazo de entrega coincidiu co período de exames, polo que a coordinación do TFG elaborou un formulario para que asine o alumnado, onde se lle informa que o depósito non implica a defensa do traballo, que so poderá facerse no caso de superar todas as materias.

A todos os membros da Comisión parécelle correcta a planificación de horarios e exames. Coméntase que este proceso simplificouse de forma notable a partir de que se tomou a decisión de realizar horarios fixos, xa que ata hai dous cursos académicos realizábanse por día.

#### **4. Aprobación, se procede, dos informes de coordinación**

A decana cédelle a palabra a Beatriz Vaquero, como coordinadora do grao.

Beatriz explica que o Informe das Accións de Coordinación ten un modelo xa prefixado pola Área de Calidade, pero que vai redactar un adaptado ás necesidades da Facultade. Explica que nalgúns centros teñen reunións horizontais entre o coordinador de cada curso e os docentes e logo verticais entre todos os coordinadores. No noso centro como somos un grupo reducido de docentes que impartimos en cursos diferentes, non se considera precisa esa distribución na convocatoria de reunións.

Informa que se mantiveron reunións tanto para tomar decisións sobre a mellora da docencia, especialmente na modalidade semipresencial, como para a formación do profesorado.

Tras as xuntanzas que a decana mantivo cos estudantes semipresenciais, nestas reunións reflexionouse sobre os problemas que houbo ao longo deste curso, entre eles a incorporación de profesores asociados. Manter reunións con cada un deles explicándolles os recursos da plataforma moodle, axudou a solventar certos problemas. Conseguiuse que subiran á plataforma os materiais prioritarios, que abran tarefas na para subir traballos, crear foros para solucionar dúbidas, etc.

Viuse que sería unha boa ferramenta as aulas de e-meeting para solventar o contacto co alumnado semipresencial ou gravar pílulas de clases ou titorías. Para elo solicitouse ao Campus do Mar que cada profesor tivera un aula de e-meeting.

Comenta Beatriz que no mes pasado empezáronse a elaborar as guías docentes. Aproveitando as xuntanzas de planificación de horarios e exames, comentáronse aspectos de interese, como a necesidade de que o profesorado se comprometera a utilizar as aulas e-meeting e implementar ou incrementar os cursos moodle, así como utilizar máis o recurso das tarefas, para subir, corrixir e puntuar actividades. Tratouse tamén de que o profesorado non fixese distinción entre o alumnado semipresencial e o presencial e a materia fora unha soa. No anterior plan de estudos era habitual que un 10% da cualificación fora por asistencia; agora cambiouse pola da participación activa; esta podería relacionarse cun bo cumprimento de todas as actividades nuns casos, e noutros, coa realización das probas de autoavaliación de tal forma que aínda que non se outorgue unha cualificación numérica en cada proba, outórguese na globalidade das actividades. Outra vantaxe é que con estas probas o alumnado pode afacerse aos contidos da materia.

Solicitouse tamén, ao servizo de teledocencia, que o alumnado do plan vello o do plan novo nas materias coincidentes teñan só un espazo na plataforma. Tamén o 4º curso (único que mantén o plan vello) vai ter a súas materias en moodle.

Todos os membros da Comisión expresan o seu acordo coas actividades de coordinación e coas melloras que van recoller as Guías docentes e que se van implementar na plataforma moodle, así como as posibilidades das aulas e-meeting. A decana comenta que na xuntanza do mes de xullo, incluírase na orde do día todos os aspectos comentados no Informe de Coordinación do curso 2015-2016.

#### **5. Planificación e debate sobre as xornadas de acollida ao alumnado para o vindeiro curso académico**

A decana explica que, como ven sendo habitual, o centro vai facer unhas xornadas de acollida ao principio de curso. Neste ano a Universidade permite que cando o estudantado se matricula reciba unha mensaxe, será a forma de convocalos. Nesta ocasión a proposta é realizar unha global para todo o alumnado do grao e outra máis específica para o alumnado de 1º. Vai explicar a planificación das mesmas por se os membros da Comisión poden aportar ideas novas ou lles parece correcta.

As clases comezarán o día 7 de setembro e as xornadas serán os días 5 e 6 dese mes. O primeiro día, a primeira hora, farase a benvida a todo o alumnado do grao, con intervencións da decana, da coordinadora de grao, da xefa de administración e a delegación de alumnado. En todos os casos se comentarán aspectos fundamentais e de interese para todos/as. O resto das sesións deste día, serán solo para os estudantes de 1ª, contarán con explicacións xenéricas sobre aspectos do campus e da universidade (actividades culturais, deportivas, voluntariado, área de igualdade e obradoiro co persoal do gabinete psicopedagóxico). As xornadas do segundo día serán máis específicas sobre o funcionamento do centro, con charlas a cargo da decana e da vicedecana); os representantes da delegación de alumnos faranlles unha visita guiada polo centro e o campus e rematarán cun obradoiro na biblioteca central do campus sobre o seu funcionamento.

Valórase a posibilidade de gravar algunha ou todas as sesións para subilas á web e que podan ser visionadas polo estudantado semipresencial.

#### **6. Análise e debate sobre os resultados das enquisas da avaliación da satisfacción do PAS coas titulacións da Universidade de Vigo**

Informa a decana de que chegaron os resultados das enquisas de satisfacción do PAS.

A valoración é moi positiva, en concreto é unha das mellores do campus de Ourense, obtendo unha puntuación global, sobre un máximo de 5, dun 4,15.

José Mª Eguileta comenta que lle sorprenderon algúns resultados, como por exemplo a diferenza na puntuación, nun mesmo centro, entre os homes e as mulleres.

Estes resultados serán analizados máis detidamente no Informe de revisión pola dirección.

## **7. Debate e aprobación, se procede, da proposta do Plan anual de Satisfacción das Usuarias e Usuarios (PAESU)**

Explica a decana que a parte das enquisas institucionais xestionadas pola Área de Calidade: enquisas de avaliación docente (cada docente en cada materia); enquisas de satisfacción do estudiantado (3º de grao ) e as enquisas da materia de prácticas (titor/a externo, estudante, titor/a académico), cada centro pode implementar outras accións, son estas as que se recollen no Plan anual de satisfacción das usuarias e usuarios (PAESU).

Neste plan inclúense tres actuacións:

- As reunións que mantivo a decana cos delegados de curso e cos representantes da delegación de alumnos, que teñen lugar cada dous meses coa finalidade de debater as dinámicas de cada curso e do centro. O resultado destas xuntanzas lévase a xunta de centro. Tamén traeranse a esta Comisión.

- As reunións que a decana e, ás veces a Coordinadora do grao, manteñen co alumnado semipresencial, neste caso dúas por curso, ao remate de cada cuadrimestre.

- Os contactos co alumnado egresado, aos que se lles fixo unha enquisa vía mail, que obtivo poucas respostas e a quen se lles fará unha enquisa telefónica para saber o seu índice de satisfacción coa titulación e sobre a súa ocupación actual.

Se se aproba esta proposta será elaborado o PAESU e cada unha destas accións contará cunha ficha técnica na que se detallarán todos os datos descritivos da mesma. Estas fichas se rematarán de elaborar e se aprobarán na vindeira reunión da comisión de calidade.


Apróbase por asentimento a Proposta do Plan Anual de Satisfacción das Usuarias e Usuarios.

## **8. Rolda de intervencións**

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.00 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

## COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA

29/06/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN  
COMENDADOR REY, BEATRIZ  
DÍAZ ALONSO, XOEL  
EGUILETA FRANCO, JOSÉ M<sup>a</sup>  
GARRIDO LABRADOR, BEGOÑA  
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT  
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA  
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA  
PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
REAL LÓPEZ, ARTURO  
REBOREDA MORILLO, SUSANA  
SÁNCHEZ FERRO, PABLO  
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE  
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	
	NO
	SI
	NO
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	